

A CANDEA

REVISTA DO CAUREL

Edita: ASOCIACIÓN "FONTE DO MILAGRO" EXEMPLAR GRATUITO REVISTA TRIMESTRAL ABRIL 2001 Depósito Legal: LU 454 - 00 Nº 3

Esta revista está impresa en papel reciclado



ENTREVISTA:
XOSE LOIS FOXO

ESPECIAL BANDA DE GAITAS
PAXINAS CENTRAIS

SUMARIO

Páx 2	Editorial - (Guía de teléfonos)
Páx 3	Lousas ou Arbores para Xantar
Páx 4	As nosas Parroquias: Santa Maria de Meiraos
Páx 6	Reencontro Natural Quiroga corazón de Caurel
Páx 7	Noticias
Páx 8	Ruta Seoane
Páx 9	Movemento Demográfico do Caurel no Século XX
Páx 10	Entrevista a: Xosé Lois Foxo
Páx 12	A Nosa Banda
Páx 13	O Entroido no Concello de Folgoso do Caurel
Páx 16	Cousas que Aconteceron
Páx 17	Lugares con Encanto
Páx 18	Quebracabezas
Páx 19	Recuncho para a Poesía

TELÉFONOS DE INTERÉS

CENTRO MÉDICO (FOLGOSO)	982 43 31 02
CENTRO MÉDICO (SEOANE)	982 43 30 68
HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE	982 41 79 00
EMERXENCIAS MÉDICAS	061
SOS GALICIA	112
CRUZ VERMELLA (PEDRAFITA)	982 36 70 06
CRUZ VERMELLA (QUIROGA)	982 42 83 55
FARMACIA (FOLGOSO)	982 43 30 54
CASA DO CONCELLO	982 43 30 01
CUARTEL GARDIA CIVIL (SEOANE)	982 43 30 83
AUTOBUSES "EMPRESA CAUREL"	982 42 82 11
ESTACIÓN DE AUTOBUSES (MONFORTE)	982 40 49 50
ESTACIÓN RENFE (MONFORTE)	982 40 20 96
INCENDIOS FORESTAIS	085

EDITORIAL

Estas a ler o Nº 3 da Revista do Caurel. Isto quere dicir que fai case un ano que empezamos a traballar neste proxecto, idea que pouco a pouco é unha realidade. Isto é motivo de satisfacción. As mostras de agarimo que veñen a demostrarnos é máis que razón para seguir adiante con "A CANDEA", seguir amosando a cultura, xeografía, paisaxe, costumes, e inquedanzas do Caurel e das súas xentes e así facer chegar, onde nos sexa posible, toda esta riqueza.

Proba deste noso afán por facer chegar esta publicación máis alá das nosas fronteiras levounos a enviar exemplares ós centros galegos do mundo, para que alá, ó ollar estas follas, se coñeza máis esta terra. Temos xa resposta e esto échenos de ledicia. Son xa moitos os centros galegos e comunidades galegas na diáspora que nos comunicaron que nas súas bibliotecas se atopa a disposición de tódolos visitantes un exemplar desta revista. Este é o noso fin: que tódolos fillos de Galicia coñezan este recuncho nas montañas de Lugo.

A Asociación e un bo grupo de xente, que con agarimo e ilusión traballan para levar adiante esta publicación, teñen tamén como proxecto dinamizar e, dalgún xeito, dar vida a esta zona tan afectada pola perda de poboación a que se viu sometida nas últimas décadas. Unha das cousas na que se está adicar traballo é a limpeza e sinalización de rutas de sendeirismo, actividade esta de percorrer os sendeiros e camiños, tan de moda hoxe en día; moi común entre as xentes que se achegan aquí a descansar e admirar a magnífica beleza que, dende estas rutas, se pode ollar paso a paso e en todo ó longo do seu percorrido.

Unha das persoas que máis empeño está a poñer na limpeza e sinalización destas rutas é Orlando Álvarez, de Ferreiros de Abaixo. É un dos moitos que tivo que buscar a vida fora desta terra, pero ó amor e respecto por ela fai que, cando o seu traballo lle permite, se achegue, onde a súa xente. O respecto a súa terra fai que, incansablemente, e xornada tras xornada, faga o posible e máis para que os camiños e sendas, que noutro tempo, servían de comunicación entre as aldeas e que o abandono e o desuso as cubriran de maleza, hoxe sirvan de novo para admirar a beleza que nelas, e dende elas, se pode ollar.

Queremos dende esta publicación darlle o noso agradecemento e que a súa labor desinteresada sirva de exemplo. En todo momento atendeu a chamada de colaboración que, dende esta Asociación, se lle fixo. E de salientar como tamén, en caso contrario, de persoas ou estamentos os que se lle pediu axuda ou mesmo apoio. sorprendentemente a resposta foi negativa ou ben non chegou.

A pesar dos sinsabores, o noso afán, e a xente como Orlando fan que camiñemos para diante para, entre outras cousas facer que dalgún xeito, as moitas persoas que por aquí pasan o longo do ano, podan contemplar a beleza que nesta serra se agocha.

Ós ollos está este novo número da Revista na que ofrecemos unhas páxinas especiais sobre a figura de Foxo a banda de gaitas como se dun emblema do Caurel se tratara. Tamén, como non, recorda-la recuperación de tradicións como a festa do baile nos toxos que se celebrou en Vilamor. Con todo e todos seguiremos abrindo camiños.



RODRIGO

RURAL

A MELLOR MANEIRA
DE DISFRUTAR DA NATUREZA

Ó PE DA FERMOZA DEVESE DE PADERNE

LOUSAS OU ARBORES PARA XANTAR

Estamos a volta e volta co tema das louseiras. Dunha forma cíclica aparece o problema nos medios de comunicación e, polo tanto, nas barras dos bares e nas sobremesas de moitos lares. E pensamos que así seguirá por moitos anos porque parece ser moi difícil acadar unha solución para un tema que naceu como a lousa, escuro ou negro. Pero o caso é que, como xa comentamos no anterior número de A Candeia, xa está nos vestíbulos a chamada Rede Natura e nos salóns e cociñas das nosas casas temos que irmos acostu-
mando ó asunto e empezar a dixerila. Gustaríanos saber se nas casas da comarca está achega-la mesma invitada ou é que pasou de largo.

Falabamos, pois, na anterior revista, que as cousas xa están decididas, que xa se sabe o que haberá que comer, ou tragar, e aínda pode que se atrevan a dicirnos que haberá menú á carta. O certo é que as louseiras, como xa se viu recentemente, queren dar a sensación de estar nerviosas e falan de problemas para seguir traballando. Por suposto que poderán telos, e máis si van ter que regulariza-la situación remontando o asunto a súa implantación.

Non se pode falar de que este prato é máis rico que aquel e que será máis porbeitoso para o futuro dun pobo. Cando de ten fame aí que comer, xa sexa lousa ou árbores. Do aire e da contemplación talvez vivirían moitos monxes, pero hoxe eses tempos xa son historia. Se ben é certo que a natureza, a vexetación, o medio ambiente, son un tesouro

para o futuro dun pobo, tamén é ben de seguro que as riquezas minerais son para explotalas. Fixérono os romanos e agora tócalle a quenda os caureleses do novo milenio. Pero mal pode se-lo aporbeitamento se a lousa volta a ir para Roma e o seu froito non queda na escura terra do Caurel

Como xa non aí romanos nin obriga de come-lo rancho, pensamos que as xentes do Caurel

deberían empezar a falar e a expoñe-la súa visión do futuro da serra. Polo menos, os veciños interesados deberían expresarse a través dos seus representantes ou elixidos, se é o caso de que estes últimos están calados. Tratase de facer un pobo e non desfáselo, polo que o noso parecer é que debería de articular un sistema para que todos podan falar e

entre todos, veciños, traballadores, administradores e empresarios operen nunha dirección e non que uns tiren para un lado, outros para o contrario e o resto deixándose levar.

A nós sempre nos gustou elixi-la comida, non tragar por necesidade ou por imposición. Antes de face-lo caldo haberá que dicir de que se quere. Despois, cando se vai servir, pode haber sorpresas e malas dixestións.

O UROGALLO



ROTULOS



Fundada en 1960

R. Montenegro, 6 bj. ☎ 982 22 19 90

San Pedro, 13 bj. ☎ 982 22 63 07

AS NOSAS PARROQUIAS: A IGREXA E PARROQUIA DE SANTA MARIA DE MEIRAOS O LONGO DA HISTORIA



Vista panorámica Meiraos

INTRODUCCIÓN:

A parroquia de Santa María de Meiraos está formada polos pobos de: Meiraos, Villasivil, Mirad, Paderne, Pedrafita e o Mazo de Meiraos; este último actualmente deshabitado en estado ruinoso. Todos estes pobos teñen capela propia, excepto o Mazo, que formaba parte do pobo de Meiraos ata finais dos anos oitenta do século pasado; aínda hoxe se pode comprobar que a numeración das casas de Meiraos empezaban no Mazo. Os seis pobos que comprende esta parroquia están dispostos uns a continuación dos outros, paralelos ó Río Pequeno, de terreos moi fértiles pero accidentados. Abundan os soutos de castiñeiros e outros frutais: mazairas, cerdeiras, pereiras, nogueiras, etc., tamén hortas de legumes, hortalizas, cereais e moitos prados de regadío. A agricultura e gandería foi o sustento destas xentes que teñen unha cultura propia. A minería tivo moita importancia nos séculos pasados; boa proba son as abondosas escorias de ferro que se atopan no castro de Villasivil, as minas de ouro da Toca e unha pequena mina de antimonio en Meiraos ó noroeste do pobo.

No Catastro do Marqués da Ensenada aparece o deslinde desta parroquia da seguinte maneira: Linda e divídese principiando pola parte de levante coa feligresía de San Pedro de Noceda, polo marco de Fomperido e dende iste segue confinando coa feligresía de San Xoán de Seoane; e dende eili continúa ó castro de Piñeira, dende onde segue ó Penedo de Iorbatunes, proseguindo por toda a cume ó alto de Burduedo, que é a parede e demarcación do poniente, de eiquí pola Cabeza ó cume do Val do Busto ata á Pena da Merenda, onde confina co Couto de Bustofrío, xurisdicción de Samos, dende onde chega ó marco de Chao da Pedra; dende eiquí segue ata o

marco da Modorra da Castela, e dende eiquí polo máis alto ó marco dos Mociños, que divide esta feligresía da xurisdicción de Samos dende onde baixa a Tara da Nevada, e dende eili ó Castiñeiro do Furado, continuando á ponte de Bargelas, e ó marco de Toxodín, no alto do Xardín, dende onde baixa pola Barreira da Portela, e segue a Travesa, dende eili continua a Petada do Pai Pérez, continuando ó sitio que chaman Tornadadas, e dende eili a Metales de Abaixo, ata chegar ó marco dos Acebeiros, que divide esta feligresía e xurisdicción do Couto de Teixeira, e dende eiquí baixando chega o marco de Fomperido, que é a primeira demarcación principiando polo levante.

DESCRIPCION E HISTORIA:

Maxestuosa e de considerables dimensións, a Igrexa Parroquial de Santa María de Meiraos está situada nun punto estratéxico, nun outeiro dende o cal se divisa unha ampla panorámica de toda a parroquia: a cunca do Río Pequeno, a Serra do Caurel, o Castro de Brío, a Devesa de Paderne e a de Penido... Esta Igrexa foi, dende sempre, o centro relixioso e cultural da parroquia.

Ubicada entre os pobos de Meiraos e Villasivil, está feita con pedra caliza, de cor gris azuada, recuberta de cal, e con teito de lousa. Parece ser que foi construída sobre os restos dun templo pagano; sufriu toda clase de avatares ó longo da historia, entre eles dous incendios no século pasado, o primeiro durante a II República, e o segundo a principios da década dos noventa como consecuencia de arder un soute próximo. Consta dun Pórtico sostido por dúas columnas de mármore e unha bóveda de cañón. A entrada á nave principal é de pedra labrada. Dentro do templo destaca unha imaxe de Santa Lucía, dúas pías de mármore e unha verxa de barrotes de madeira torneados. Uns interesantes frescos nas paredes laterais que durante moitos anos estiveron recubertos de cal, dous retablos de estilo neoclásico, outro cunhas pinturas da crucifixión cun relicario que ten a seguinte inscrición "Aquí están guesos y carne de San Bartolomé, sin duda, año de 1632", enfrente un retablo coa imaxe da Virxe Inmaculada enriba dun dragón. No retablo do Altar Maior destacan as tallas en madeira de San Antón de Padua, San Bartolomé, San Xosé e unha talla románica da Virxe co Neno; o Sagrario en forma de castelo, outra imaxe da Asunción elevada por Anxos, dúas tallas pequenas, unha delas de San Roque. Neste retablo hai catro músicos: un gaiteiro, un tamborileiro, unha muller cun triángulo e outro cunha zanfona. Estes músicos foron portada do libro "Músicas do Caurel I" e a súa vestimenta inspirou a

Turismo

CASAS

Rural

CARLOS - COMERCIANTE - DOSINDA

6 HABITACIONES
SALON

APARTAMENTO 4 PLAZAS
COCINA

CASA COMPLETA
3 HABITACIONES

Vilamor do Caurel (Lugo)

Información e reserva: Tfno 982 155 618

confección do traxe dos membros da BANDA DE GAITAS DO CAUREL. Na parte posterior está o osario onde se depositaban, en forma de "paredes", os ósos que ían saíndo ó excavar novas sepulturas. Aínda se pode ver unha destas "paredes" de calaveras. Completan a estrutura dúas dependencias no lateral esquerdo: a pía bautismal e a Sacristía. O campanario é de estilo renacentista e está coroado por unha cúpula piramidal con base octogonal rematada cun pao labrado suxeitando unha cometa en forma de man e unha cruz que fai as funcións de pararraios. Consta de catro campás, antigamente tiñan un xugo de madeira que facía de contrapeso e había que voltealas manualmente; as campás cumprían unha grande labor de comunicación social xa que se tocaban para alertar os veciños: dalgún perigo (coma incendios, tormenta, etc), para a oración, e sobre todo "tocar a difuntos"; se o falecido era home tocábase coa grande, se era muller coa pequena, se era de Meiraos unha campanada, de Villasil dúas, de Mirad tres ... e así sucesivamente tódolos pobos da parroquia, deste xeito, a xente só con oír o toque xa sabían, máis ou menos, quen podía ser o morto.

Na parte posterior do templo hai unha campaniña moi sonora coa que se chama a misa.

A estrutura da Igrexa quedou bastante afectada por mor dos tremores de terra dos últimos anos; recentemente, debido as obras de restauración que se están a facer, apareceu unha imaxe pequena emparedada no muro exterior.

O redor deste templo hai varias fincas, moitas propiedade da Igrexa na que hai constancia de enterramentos. O seu carón está o cemiterio. Na explanada, diante da igrexa, había un cruceiro que foi desfeito nos anos sesenta do século pasado. ¡Vaia xeito...! Un pouco mais arriba, a antiga casa rectoral en estado ruinoso (construción de pedra e barro que tiña unha "saeteira" ou "cañoneira" dende a cal se podía disparar contra o inimigo, segundo "vox populi"). Tiña propiedades que foi perdendo ó longo da historia coa desamortización de Mendizábal, outras foron vendidas para sufragar os gastos da Igrexa.

Celebrábanse varias romarias diante da explanada, chamada "O Campo": o San Antón (13 de xuño), o San Roque (16 de agosto), Corpus Chisti, Natividade da Virxe (9 de setembro) e a máis importante e única que hoxe perdura: a Asunción da Virxe, Patrona da Parroquia, o 15 de Agosto.

TRADICIÓN E COSTUMES:


Entre as moitas tradicións destaca a de levar en ofrenda produtos en especie: lacón, manteiga, queixo... Estes costumes foron evolucionando e agora o máis normal é: unhas moedas, unha vela, unhas flores, etc. Outros costumes como de andar de xeonllos ó redor da imaxe da Virxe, ou ir descalzos á Misa do 15 de Agosto están a desaparecer.

CONTOS E LENDAS:

Moitos son os contos populares e lendas de tradición oral que, transmitidos de xeración en xeración, chegaron ata nos. Din que o día que se trasladou a imaxe da antiga titular á Capela de Miraz desatouse unha gran tronada que orixinou a formación dos numerosos carrozos existentes nesta parroquia. Outra fala que as campás foron sacadas dun pozo no río Pequeno chamado "Pozo da Grada" por unha parella de bois e unha moura.

Ollando para a Igrexa, antes de rematar iste relato, penso que, a pesar das moitas páxinas que nos últimos anos se escribiron acerca dela, seguesendo unha gran descoñecida...

JESUS ALFONSO PARADA JATO
MEIRAOS



Hostal-Mezón
O Mirador



Teléf. 982 43 30 64 FOLGOSO DO CAUREL

"REENCONTRO NATURAL QUIROGA CORAZON DO CAUREL" CASE UN ANO DESPOIS

Folla vai, folla ven. Ollando o suplemento semanal de "El Progreso" a miña mirada clávase na reportaxe, publirreportaxe, documento ensaístico (non sei como definilo) que aparece baixo tan suxerente título e asinado polo cuasi-anónimo A.R.

O primeiro que me sorprende é a segunda parte da cabeceira, enmascarado baixo unha piña. E isto faime pensar. Tal vez o señor R. descoñece os catro puntos cardinais e as súas orientacións, así como as nocións básicas en cuanto á anatomía humana. Explicóme: Que se sepa, o corazón non se atopa en ningunha extremidade (o que supón o sur), é dicir: unha perna. E poderíamos situar a Quiroga, e non no peito (centro-norte) do "corpo xeográfico" que conforma esta zona.

Asústame a lixereza e falta de rigor; e confeso que o documento-ficción (esta podería ser unha definición máis atinada) está empezando a asustarme.

Caurel vende (e polo que vexo, tamén se vende).

Non hai moitos meses líamos, entre risas e sonroxos, cun fabricante de lencería feminina tiña previsto lanzar un modelo de braguiña cun nome que me soa moito, aducindo como motivo de tan xenial idea, a relación existente entre a orografía da serra e as partes (nobilísimas) ás que se destina dita prenda. ¡Fantástico!... Non, ¡Onírico!. Dubido que nin o artista máis surrealista tivera ocurrencia tan elaborada.

O Concello de Folgoso de Caurel, por obra e gracia da Asociación Río Lor, está a converterse no Concello máis extenso de España. ¡Sí, Sí!. Agora ocupa a superficie que antes ocupaban os Concellos de: Quiroga, Ribas do Sil, O Incio, Samos, Puebla do Brollón, Bóveda e o propio Folgoso de Caurel. ¡Máximo! E polo que aparece na prensa, hai máis Concellos (Sarria e Lámbara) interesados.

Isto lémbreme o que, ata fai pouco, era comentario común coa finalidade de desprezar a alguén: "Pareces de Caurel", ou "Pareces da montaña". Lóxicamente, debidamente aliñado cos sorrisos e xestos pertinentes cunha situación despectiva require. Non divago, créanme, si lles digo que ata de agora moitos dos habitantes do noso corazón (ou era perna esquerda) non querían ter nada que ver con algo que ulira mínimamente a montaña.

Todo o anterior parece terse convertido nun piropo: ¡Agora todo o mundo quer ser do Caurel!. Da a impresión que dispoñemos, os que pertencemos a iste Concello e tamén os advenedizos (mil perdois) dunha "denominación de orixe" que para sí quixera Sabino Arana e os seus actuais correligionarios.

Máis sorpresas, je aínda máis sonroxo pola miña parte!. O autor afirma que "... as posibilidades nesta serra son casi infinitas".

¿Posibilidades de que? Creo señor R. que segue sen coñecer, nin no fondo nin na forma, a realidade deste Concello en canto as necesidades. Descoñece vostede a preocupante, progresiva e, si ninguén o remedia, inevitable despoboación desta zona. Algo que, nin de lonxe, podería solucionar o tan socorrido (isto díceno tódolos dirixentes sin tatear) turismo rural.

Namentras a poboación diminúe; unha circunstancia que responde o envellecemento da poboación e a emigración da xente xoven, a pesar de que estamos comenzando o século XXI, resultado, isto último, da falla de incentivos para manter eiquí a xente deiquí e a casi insostible política social e de emprego.

En calquer caso, non hai motivos para a preocupación: Como

o problema do envellecemento da poboación é a nivel estatal, queren convencernos de que a solución pasa pola apertura das fronteiras, facilitando a chegada de inmigrantes africanos e latinoamericanos na súa maioría. ¡Que Don Pelayo non levante a cabeza, porque se podía armar unha boa!

Ironías aparte, considero que a solución non pasa por aí. A solución pasa por intentar favorecer as condicións de vida de, a lo menos, os que sendo deiquí, non están eiquí. Nadanovo.

Fai algún tempo líamos no diario "El Progreso" que se premiaba a Asociación Río Lor pola súa labor en pos da proxección exterior desta zona. ¿Hacia onde? Confío de tódolos xeitos, que esa promoción fôra dirixida ó este xeográfico (de perderse, que se perda en terra firme e non no medio do océano ou dalgún mar dos que nos rodea). Confío tamén en que non se faga da forma en que se fixo o "publirreportaxe" que nos ocupa, é dicir, totalmente dirixida e manipulada.

Máis aínda, vénseme a memoria o que aparecía en prensa escrita meses atrás sobre concentracións de grupos ecoloxistas, un deles "SOS CAUREL", en algún punto deste Concello. Xa só o nome parece unha declaración de intencións; podemos estar tranquilos: ¡Eles veñen a "salvarnos"! Creo que erran en casi todo: Eiquí non se necesitan redentores dise tipo, xa que as súas pretensións, polo visto, ata iste intre, pasan por unha oposición frontal a todo ó que signifique desenrolo económico e industrial. Estaremos dacordo con que se poderían e deberían negociar moitos aspectos, en canto a redución do impacto medioambiental, pero tamén estaremos dacordo en que iso e o desenrolo non son incompatibles.

Intento comprender todo isto e recoñezo que, niste caso, faime falla un esforzo para conseguilo. Penso que se debe primar a mellora da calidade de vida dos habitantes deste Concello (¡Máis do mesmo!) e dóenme os oídos cada vez que escoito argumentos tan peregrinos como os do tipo de: "É espantoso ver casas novas nunha paraxe tan "enxebre"".

Propoño agora unha solución a tódolos nosos males: En tempo de apertura de parques temáticos, os "indíxenas" podemos representar fantásticas esceas dependendo da estación do ano na que nos atopemos; así, no verán (a calor é as veces sofocante) seremos unha tribu india, vivindo en chozas, curtiremos pieis, anque para isto haxa que importar animais salvaxes; no inverno cambiaremos pola representación esquimal: Iglús, focas (tamén de importación, claro está)...; e nas estacións intermedias podíase optar por un poboado coas características e costumes propias das historietas de "Asterix e Obelix", aunque eiquí surxe o problema de pagar os dereitos de autor (¡Unha subvención por favor!)

-¡Sí señor! Así se xeraría riqueza.

-Xa, pero tanta variedade sería un inconveniente para os puristas dos costumes "da montaña".

-Pero non se preocupen, imos dar unha volta. Non se esquezan de vitaminarse, supermineralizarse e, o máis importante, globalizarse.

-¡Ah, ben! Sendo así xa quedamos máis tranquilos.

O ABORIXE



BAR VEYMA



Folgueiriñas, Folgoso Do Caurel
Tfno 982 433 016

A ASOCIACIÓN "FONTE DO MILAGRO" ESTÁ A LIMPAR SENDEIROS NO CAUREL



Grupo de limpeza nun descanso

Membros deste colectivo e outros colaboradores están, nas últimas datas, traballando para que os antigos carreiros do Caurel poidan ser utilizados polas moitas persoas que, coa chegada do bo tempo, acoden a esta zona a aproveitar, do sosego, a paisaxe, e un montón de encantos que esta serra agocha. Algúns destes sendeiros limpáronse e sinalizáronse coa chegada do primeiro Plan Leader, pero dende aquela o abandono foi absoluto e hoxe están case todos intransitables e a sinalización nin se coñece.

Ante a demanda destas rutas por parte dos moitos afeccionados á practica do sendeirismo e a posibilidade de, a través destes sendeiros, poder chegar a lugares dunha beleza inimaxinable, este colectivo, xuntamente con aquelas persoas que desinteresadamente aportan un gra de area, estamos a adicar parte do noso tempo a esta labor. Porque creemos que é de vital importancia para zona xa que o turismo pode ser un dos recursos a ter en conta. Por eso nós fixemos e facemos un chamamento a

organismos oficiais, negocios de hostaleira e outros, e a tódalas persoas en xeral para súa colaboración neste proxecto.

A REVISTA A CANDEA CHEGA A MEDIO MUNDO

A ilusión dos que editamos estas follas era facer chegar o máis lonxe posible esta publicación, e estamos a conseguilo (parece ser), proba diso é as cartas que estamos a recibir dos centros galegos e comunidades galegas no exterior. Cando alá polo mes de Decembro do ano pasado saía o Número 2 desta Revista, xa tiñamos preparado para enviar polo menos un exemplar ós Centros Galegos e demais lugares de reunión de galegos, do noso país e máis alá das nosas fronteiras. De inmediato tivemos resposta, moitos xa nos pediron se podemos seguir enviando novos números; así o faremos. É un esforzo ante o noso humilde presuposto, pero merece a pena. A satisfacción é moita cando consegues o teu obxectivo.

Ahí está a resposta chegada dende México, Arxentina, Suíza, Bélxica e outros moitos lugares onde este traballo chegou. O noso desexo é que, cando chegue este exemplar as súas mans, sirva para lembrar a terra nai. Una aperta a todos.

OS DEZ MANDAMENTOS DO CENTRO GALEGO DE BERNA

- I. Amarás ó centro sobre tódalas cousas.
- II. Non mencionaras o centro galego en vano
- III. Visitaralo tódolos días e festas de gardar.
- IV. Honrarás tódolos socios e socias.
- V. Aportarás boas ideas e algo máis.
- VI. Participarás en tódalas actividades.
- VII. Vivirás sempre co teu sorriso e ledicia.
- VIII. Falarás en galego aínda que sexa mal.
- XI. Traballarás sempre a favor do centro.
- X. Non beberás outro viño que non sexa galego.

ESTES DEZ MANDAMENTOS ENCÉRRANSE EN DOUS:
AMAR A GALICIA SOBRE TÓDALAS COUSAS. AMAR OS
GALEGOS MÁIS QUE ÓS OUTROS E SE SON GALEGAS MOITO
MAIS.

De seguido publicamos un traballo que dende O Centro Gallego de Berna (Suíza) nos fixeron chegar.

NOTA:

Si desexas participar nesta publicación, aportando algún traballo referente O Caurel, facer algunha suxestión, algún anuncio, calquera consulta que nos sexa posible contestar, non dubides en facelo; a dirección e: **Asociación "FONTE do MILAGRO".** Froxán, S/N. 27325 O CAUREL Lugo



Turismo rural Casa de Hospedería Casa CALELLON

3 HABITACIONES CON BAÑO
COMIDA CASERA-CORDERO POR ENCARGO
PASEOS A CABALLO

Seceda do Caurel (Lugo) Tfno. 982 185 409

RUTA SEOANE - FERRERÍA DE SEOANE - FERREIROS DE ABAIXO- FOLGOSO

Para poder seguir correctamente esta ruta utilizar os planos de escala 1:25.000 do Instituto Xeográfico.

TRAMOS:

- a) Seoane Ferrería de Seoane - 1 Km.
- b) Ferrería de Seoane-Ferreirós de Abaixo - 5 Km
- c) Ferreirós de Abaixo Folgoso - 6 Km.

DURACIÓN: Camiñando a modinho pode durar de tres horas e media a catro.

DESNIVEL: A cota máxima atópase na Pena do Escribano (700 metros) no tramo b); a cota mínima atópase no lugar chamado "Ponte de Porto" con 450 mts. de altitude no tramo c).


DIFICULTADE: As pendentes son moi suaves polo que a dificultade é baixa. Só atopamos dúas ramplas de forte pendente: unha no tramo a) de 500 mts. e outra chegando a Ferreirós de Abaixo, no tramo b), de 300 mts.

DETALLES DE INTERESE TURÍSTICO: Vilas de Seoane e Folgoso, a Ferrería de Seoane, Aciñeiral de Vales, soutos, carballeiras, cabanas, albares de abellas, minas de Ferro de Paradela, aldea de Ferreirós de Abaixo, grandes extensións de ucedo, prados, pontes, muíños, presas no río, os profundos canóns do Lor e os seus afluentes: Río de Ferreirós, Río Pequeno e Río de Moreda; vistas dos Castros de: Megoxe, Torre, Foz e Foucelles. Vistas das aldeas de: Meiraos, Villasilvil, Mercurín, Ferreiría Vella, Sobredo, Pendella, Touzón, Valdomir e Vilamor.

O longo de todo o percorrido pódese observar unha grande variedade de plantas herbáceas, plantas arbustivas como: piorno, xesta, uz, carqueixa, carpanza, toxo, avelaira, sanguíño, érbodo, loureiro, espiño branco, acivro e xara. Plantas arbóreas como: aciñeira, castiñeiro, pradairo, freixo, ameneiro, bidueira, carballos de moitas especies, salgueiro, pereira brava, etc.

PERCORRIDO: Comezamos en Seoane. O tramo a) discorre pola ladeira esquerda do canón do Río Lor, perpendicular a este. Dende Seoane lévanos a Ferrería; cruzamos a ponte sobre o Río Lor e seguidamente a ponte sobre o Río de Moreda, deixamos inmediatamente a pista asfaltada que leva ó Colexio Público e collemos o camiño de terra que bordea o valado dunha casa que ten as paredes feitas con pedras do río. Xa estamos no tramo b).

Despois do valado da casa, metémonos no souto da Ferrería de Seoane; dende aquí segue o camiño por un terreno moi rochoso (calcario) que está plagado de castiñeiros; cruzamos despois o souto de Vales e chegamos ó cruce de donde sae o camiño que baixa ata a Ferrería Vella; nos



collemos o camiño da esquerda, que non ten pendente, e discorre pola parte superior do Souto da Ferrería Vella. Cando o camiño se volve a empinar, atopamos outro cruce; nos collemos outra vez o camiño da esquerda e seguimos. Atravesamos algúns regatos e chegamos a Pena do Escribano, que se levanta en vertical dende o Río Lor, e ten unha altura de 200 mts.; dende alí podemos aproveitar dunhas magníficas vistas sobre o canón do Lor. Pasamos pola parte inferior da escombreira da Louseira de Mercurín, preto das minas de ferro e chegamos á Fonte de Paradela donde hai un cruce, nos colleremos á dereita. O camiño empeza a baixar cara a aldea de Ferreirós de Abaixo. Dende as primeiras casas de Ferreirós ata cruzar o Río Ferreirós o camiño ten unha forte pendente (300 mts). Cando chegamos a estrada Folgoso-

Seoane collemos a esquerda, pola mesma, avanzamos uns 100 mts. e, xusto cando vai comezar o valado metálico que serve de quitamedos na estrada, desvíamonos a dereita por un canal de auga que, normalmente, está seco. Cando termina o canal seguimos á dereita polo camiño que nos leva dereitamente ó Campo de tiro de Folgoso (tramo c). Aquí collémo-la estrada asfaltada á dereita e despois de percorrer 300 mts. xa estamos en Folgoso.

O camiño de Ferreirós de Abaixo a Folgoso está recentemente desbrozado e nótase perfectamente a súa traxectoria.


Salvo o tramo a) o percorrido faise pola ladeira esquerda do canón do Lor. O tramo b) discorre a unha altura media sobre o Lor superior a do tramo c), que ten un trazado próximo ó Río.

Os tramos a) e b) correspóndense co antigo Camiño Real de Folgoso a Seoane e, en xeral, o percorrido podería coincidir co trazado dunha das antigas vías romanas que se metían no Caurel polas ladeiras do canón do Lor.

Como xa dixen antes, este camiño foi limpadamente recentemente e fíxose co patrocinio do BAR "O PONTÓN" de Ferreirós de Abaixo.

BOA VIAXE

Orlando Alvarez Alvarez



Capela de Baldomir




**CASA
CATUXO**

**COCINA NATURAL
DE LA TIERRA**

Teléfono para encargos: 982 16 52 13
Ponte de Valdomir - Folgoso do Caurel

MOVEMENTO DEMOGRÁFICO DO CAUREL NO SÉCULO XX



A maioría da poboación son anciáns

Foi moi significativa a perda de poboación que sufriu o Caurel no século que, hai poucas datas, rematou. Segundo censo oficial, no ano 1900 o número de persoas empadroadas no Concello do Caurel era de 6.413, sendo no ano 1999 a cifra de poboación de 1.628 habitantes. Isto ven a dicir que ó longo do século XX o Concello do Caurel perdeu as $\frac{3}{4}$ partes da poboación. Varias son as razóns deste importante despoboamento, pero sen lugar a dúbidas foi a emigración a que máis influíu nesta diminución. Vemos no seguinte cadro a evolución, década a década, e podemos percatarnos como, nos primeiros dez anos, o número de persoas censadas aumentou; tamén se nota unha pequena recuperación na década dos trinta, pero a partir de ahí, a baixada é ben notoria.

1900	1910	1920	1930	1940	1950
6413	6468	6156	5785	5891	5479
1960	1970	1981	1991	1996	1998
4634	3609	2457	1924	1704	1669

A emigración a Arxentina, Cuba e outros países do Continente Americano foi, sen lugar a dúbidas, a principal razón da caída de poboación nas primeiras décadas do século ata a recuperación dos anos trinta, onde a Guerra Civil freou a emigración. Como se observa no cadro anterior, a partir dos corenta, o decrecemento de habitantes volve a ser notorio. Ante a situación difícil que deixa a guerra, a xente volve abandonar o Caurel. Neste caso, e xa nos anos 50 e 60 a emigración encamiñase a outras cidades españolas onde atopar un traballo é máis sinxelo, Madrid, Barcelona e Bilbao, entre outras, son os puntos escollidos; e tamén a outros países europeos: Francia e Suíza os que máis emigrados acolleron. A emigración a partir dos setenta foi en decrecemento, é o envellecemento da poboación un factor moi importante para que, ano tras ano, o censo baixe de maneira tan notoria. De 1970 a 1999 pérdese a metade dos habitantes no Concello. Dos 3609 do ano 1970 pasamos a 1669 no

censo de 1999, de seguir ase, con este índice de perda de poboación, O Caurel veríase despoboado en poucas décadas; algunhas aldeas quedarán valeiras e outras corren o perigo de, en poucas datas, acabar do mesmo xeito.

Votemos unha ollada ó seguinte cadro para comparar o número de nacementos e defuncións dos últimos anos, nel apreciase a importante diferenza

ANO	NACEMENTOS	DEFUNCIÓNS	DIFERENCIAS
1975	30	39	-9
1976	21	34	-13
1977	14	38	-24
1978	19	22	-3
1979	19	36	-17
1980	25	38	-13
1981	19	39	-20
1982	16	48	-32
1983	15	38	-23
1984	22	31	-9
1985	18	37	-19
1986	12	29	-17
1987	11	26	-15
1988	15	37	-22
1989	17	39	-22
1990	11	39	-28
1991	7	29	-22
1992	11	40	-29
1993	8	32	-24
1994	6	33	-27
1995	5	35	-30
1996	2	28	-26
1997	4	17	-13
1998	5	32	-27
	332	816	-484

No seguinte cadro pódese ollar a poboación por grupos de idades e sexo na revisión do padrón municipal de habitantes do ano 1998:

Idades	Homes	Mulleres	Total
0-9	30	44	74
10-19	67	6	143
20-29	77	79	156
30-39	95	75	170
40-49	117	63	180
50-59	99	73	172
60-69	129	146	275
70-79	149	161	310
80-89	74	80	154
+90	17	18	35
Totais	854	815	1669

Fonte: I.N.E..

ENTREVISTA A: XOSÉ LOIS FOXO: UN HOME, UNHA TERRA E A GAITA

Xa nos estamos facendo maiores con esta publicación e xa é tempo de dedicarlle un apartado a nosa cultura. En anteriores números falabamos de Caurel dende a súa paisaxe, as súas parroquias, os seus pobos, etc. xa é hora de falar do noso máximo expoñente cultural como é a BANDA DE GAITAS DE CAUREL e o seu director XOSÉ LOIS FOXO. Neste artigo destacaremos: unha entrevista feita nun descanso da Banda durante unha actuación en Melide (A Coruña) a Xosé Lois, algo da súa biografía e a historia da Banda de Gaitas do Caurel. Espero que vos guste.

Xosé Lois Foxo Rivas (Romeor, Caurel, 12 de outubro de 1950) é un emblema da música da gaita en Galicia e boa parte do mundo. Alí onde se escoita unha gaita está o noso veciño que accedeu a ser entrevistado para **A Candea**. É unha persoa sinxela pero a vez rigorosa no seu traballo. Así foi capaz de destacar nos seus estudos de tradución e interpretación de Inglés e Alemán e agora no mundo da gaita. Deixou a profesión pola gaita e agora dirixe en Ourense a Real Banda de Gaitas e a súa escola, onde se forman máis de catorce mil gaiteiros. Por suposto, está o fronte da Banda do Caurel. O seu currículo ocuparían os follas e follas. Nesta ocasión deixámolo falar despois dun descanso da actuación da Banda do Caurel en Melide o mes pasado, sobre unhas cuestións que nos pareceron de interese xeral. Noutro momento falaremos doutras cousas, xa que mostrou toda a súa disposición e apoio o noso facer. Aquí tedes o resultado da charla cun dos homes máis internacional do Caurel, o noso e voso amigo e veciño Foxo.



Na alborada de Vilamor pola noite

¿Cando e cómo empezou a toca-la gaita?

Empecei cos de Romeor, de pequeno, cunha frauta de castiñeiro, e despois tróuxome o meu irmán unha gaita ó Seminario de Lugo e empecei a darlle caña seguido. Fixen cinco anos de solfexo no Seminario e despois estiven doce anos co mestre Castiñeira.

¿Por qué non se dedicou a tradución de Inglés ou Alemán?

Cando rematei a carreira ofrecéronme traballo, xa antes de rematar, na Bayer, traducindo receitas. Era un traballo ben remunerado, pero eu xa me dedicaba á gaita e sempre pensei que o meu futuro era a gaita. Estou contento de habelo feito.

¿Non puido ser tamén a morriña...?

Tamén, tamén... , influíu un pouco, pero sempre a miña vocación foi a gaita. Cando estaba estudando sempre estaba pensando e pensando que o tería que deixar, e o final é o meu *modus vivendi*, e estou moi contento de habelo feito.

¿Cal é a peza ou melodía que máis lle gusta?

A melodía que máis me gusta é un romance que cantaba a señora Nunila de Santa Eufemia que se chama *Mora Linda*. Gústame porque é unha música antiga que ten moito sabor.

¿Qué se pode dicir do Filandón?

O Filandón creo que é o único festival do mundo que está feito con xente do pobo, que non é xente profesional. A idea foi darlle vida a esas músicas que eu recollo nos libros. Non so lle damos vida as músicas, senón tamén ás xentes que participan. Seica hai xente maior que ten a ilusión anual de estar no Filandón. Eso é moi importante. Mantense viva a música e é moi importante para os nenos que escoiten as músicas dos maiores. De momento tal vez non lles diga nada e non participen, pero posiblemente mañá lle diga moito.

¿Organiza vostede todo o encontro?

Sí, pero tamén xente como Elena de Vilamor, que nos axudan cada ano. Organizámolo todo dende o punto de vista da filantropía que nos inspira a xente do Caurel, porque eso faise por amor e nada máis, e ese é o mérito destas cousas.

¿Cómo é que o libro o faga a Deputación de Ourense?

Tampouco falamos con outras. O primeiro patrocinouno completamente a Deputación de Ourense e o segundo tamén participou a Xunta de Galicia. Hai que chamar a moitas portas para poder facer algo porque non che ofrecen nada, e fas un traballo e veste negro para conseguir sacalo a rúa, e aínda hoxe podemos dicir que o libro non está pagado. Na provincia de Lugo hai interese e a

Deputación está facendo boas publicacións, e non todo o mundo ten que face-lo mesmo.

¿Está en preparación outro volume?

Sí, xa temos bastante material para o terceiro volume, tal vez dentro uns anos. Tamén estou facendo outro libro que se chamará *Iconografía da Gaita no Noroeste Peninsular*. Ténho un pouco parado precisamente polo traballo do Caurel porque me gusta máis traballar no Caurel que nas catedrais.

¿Non é unha pena que non siga adiante o grupo *Cantares da Bouza*, que xurdiu no Filandón?

Haberá que retomar a idea e estamos pensando en poñelos ensaios máis a miúdo e intentar que funcione. Quero que polo menos esté no Filandón. A xente que o compón está estudando e as veces é difícil. Miraremos e pensaremos, a raíz desta entrevista, de tomalo máis en serio.

¿Cómo ve O Caurel de hoxe?

Está pasando os momentos máis difíciles da súa historia. Os pobos estanse quedando sen xente, como está a pasar na maioría das zonas rurais de Galicia. Sen embargo, creo que ten uns recursos naturais que outras zonas non teñen, e xa hai



HOSTAL RESTAURANTE

A Fontiña

En la Sierra del Caurel

- Habitaciones con baño y calefacción
- La mejor comida típica de la zona:

- Grelos con castañas
- Entremeses de la casa
- Churrasco y cordero
- Tartas caseras

Seoane del Caurel, Telf.: 982 43 31 06 (Lugo)

lugares máis deprimidos en Galicia. Creo que aínda non somos a cola de todos. A nivel cultural parécese que temos moito que dicir aparte da riqueza natural, e igual ten máis vida do que parece, todo depende de cómo vaian os mundos e a xente. O futuro do Caurel pasa porque volta a xente ou potenciar a que hai.

¿Voltaría ó Caurel?

Eu xa estou voltando e gustárame vivir no Caurel.

¿Qué lle gustaría cambiar no Caurel?

Qué lle vas cambiar... pero gustárame que fora máis dinámico e que se dinamizaran mellor os recursos. Non sei dende o punto de vista político o que se pode facer, pero gustárame que a xente e os responsables do Caurel se moveran moito. Se cadra xa se fai o que se pode.,

¿Qué opinión lle merece a Asociación "Fonte do Milagro" e a revista "A Candeia"?

Penso que se está a facer unha labor moi interesante, por amor e a cambio de nada. Eso ten moito mérito e é moi interesante que haxa xente como os asociados, porque aparte a revista chega a moitos sitios e eso dálle dignidade ó Caurel. Hoxe conseguimos darlle nome ó Caurel. Hai vintecinco anos era unha terra de lobos, hoxe é unha terra significativa, turística e culturalmente falando, gracias a estas cousas. Penso que Evaristo e Elena teñen que seguir traballando como outra xente que está no colectivo polo ben do Caurel.

SOBRE ABANDA DE GAITAS, OURENSE E CAUREL

Foxo estudia celebrar unha fase da Liga de Bandas no Caurel

Neste apartado da entrevista con Xosé Lois Foxo danos conta dos proxectos que ten para as bandas de gaitas de Ourense e Caurel. Tamén nos da conta da súa interpretación do mundo actual da gaita e outras cousas que se deben ter moi en conta. Dende aquí tamén damos un apoio a súa labor dentro e fora do Caurel, así como ós rapaces e maiores que están e andan coa banda. Tampouco nos esquecemos das xentes do Filandón e dos miles de gaiteiros de Galicia.

¿Cómo se formou a Banda de Gaitas do Caurel?

Eu son do Caurel, de Romeor, e fixen moitas cousas e bandas de gaitas e creí moita afección por onde pasei.

Entón parecíame que era unha materia pendente para min non facer algo no Caurel, de onde son, e de aí saíu a idea. Aparte, dende O Caurel se ten moito que dicir dende o punto de vista da música de Galicia. O Caurel é coma unha especie de reserva natural a nivel de cantares e melodías que se conservaron. Entón nada mellor que facer unha banda para tocar música desta terra.

¿Onde quere que chegue a Banda?

A idea fundamental da banda é darlle vida O Caurel. O feito de ter os rapaces na actividade xa é unha razón importante de facer unha banda. Despois gustárame que servira un pouco de plataforma para que se coñecera a música

e a cultura do Caurel e tamén da zona. Temos a sorte de ter unha vestimenta única a nivel Galicia. Temos o retablo da Igrexa de Meiraos, de 1.614, que recolle catro músicos e cada un presenta un traxe distinto, unha vestimenta viva nunha época. Eso é unha forma de dar a coñecer O Caurel. E tamén gustárame que a banda saíra un pouco do Caurel e por eso temos en mente asistir ó Festival de Música de Barcelona, que é un dos de máis prestixio neste momento, de música galega, ó que temos previsto ir o ano que ven, e para eso nos estamos preparando. Tamén temos a idea de levar a banda ó Festival de Lorient, en Francia, pero haberá que esperar un par de anos a que os rapaces medren porque nestas viaxes longas pode ser algo problemático ó ser moi pequeniños e poder poñerse malos. Un pouco que a banda sirva de trampolín para dar a coñecer O Caurel. En parte estámolo logrando, porque o feito de estar en Melide é curioso.

¿Cómo foi o de actuar en Melide?

Pois resulta que nos viron no programa Luar, da TvG, e namoráronse da banda, dos traxes e da música.

¿Qué futuro ten a Real Banda de Gaitas de Ourense?

É a agrupación máis coñecida a nivel mundial de Galicia. Non é comercial pero moi coñecida no mundo asiático e en América. Temos moita ilusión con ese traballo. Os galegos e os españois que nos ven fora de Galicia séntense moi orgullosos e damos unha boa imaxe de Galicia. Creo que lle queda moita vida, polo menos mentres eu poda.

¿Sería posible facer unha fase da Liga de Bandas no Caurel?

Gustárame facer unha fase ou unha xuntanza de bandas. A ver. É unha idea que ó facer o Filandón non queda moito tempo. Temos pensado facer algo no mesmo cámping. Téñoos pensado máis duna vez. Senón é unha fase, porque non collerían tódolos autobuses no Caurel, estamos pensando nunha xuntanza das bandas do terceiro grao. Estámolo pensando.

¿Por qué tanta banda en vez de grupos de gaiteiros?

Cada tempo ten a súa expresión. Hai vintecinco anos, a expresión da gaita, a única que había, era con cuartetos e quintetos. Neste momento estase expresando mellor a gaita a través das bandas porque as escolas de gaitas hai que agrupalas en bandas, non en cuartetos. Non tería sentido que no Caurel tiveramos dez cuartetos de gaitas. O normal é que toquen nunha banda. Por outra parte, é un fenómeno común neste momento. Por exemplo, o gran atractivo da sociedade hai séculos era o teatro e neste momento as bandas gustan, e creo que fan un servizo positivo ó mundo da gaita. Posiblemente dentro doutra etapa impere outra moda. Neste momento creo que facemos un bon servizo coas bandas, aínda que haxa xente que pense que é música de fora. Nos facemos música do país e hai outros grupos que non fan precisamente música tradicional e fan un bo servizo á cultura da música galega.



SANDRA CANCELA

C O C I Ñ A S

RUA MANUEL MARIA 2-4 BAIXO TLF 982 203 985 e-mail:cancela cocinas@teletel.es

A NOSA BANDA



Luar da Solidaridade, programa da Televisión de Galicia, na celebración do DIA DE GALICIA en Madrid. Ó longo do ano actúa en tódalas festas do Caurel, e de forma especial na Festa da Castaña, así como noutras celebracións e festas da nosa xeografía.

As pezas que se tocan veñen dos repertorios tradicionais dos vellos gaiteiros da serra, recollidas nos libros Músicas do Caurel. Nestas valiosas publicacións atópanse centenaes de melodías inéditas do Caurel que teñen importante valía por ser virxes, así como os cantares e brindos, que son formas arcaicas da música popular que foron pervivindo quizá polo illamento da serra.

A.F.M.

Como gran multitude de bandas de gaitas de Galicia, a de O Caurel foi creada polo noso veciño Xosé Lois Foxo, quizais con máis agarimo. Foi aló polo 1996. Nese ano había media ducia de rapaces, pasando agora os 55, de idades comprendidas entre 8 e 25 anos, entre xentes das partes altas e baixas da serra. Desta forma comeza a reseña que se fai da agrupación na Gran Enciclopedia Galega.

Resalta a súa vestimenta. No intre da súa posta en marcha xa chamara a atención de propios e estranhos e fora galardoada nunha xuntanza de bandas pola súa orixinalidade. Hoxe xa é outro emblema do Caurel. Os traxes están sacados das imaxes dos músicos que hai no retablo da Igrexa de Meiraos, datado no 1614, e están confeccionados con telas vellas do Caurel, concretamente con estopa confeccionada nos vellos teares da serra.

Comezaba a tocar a banda fora do Caurel en 1997 en Monforte de Lemos na celebración duna fase da Liga de Bandas. Xa na tempada 1997-1998 logra facerse co subcampeonato do cuarto grao da liga, e no Campionato Nacional de Bandas de Gaitas celebrado en Cabeza de Manzaneda en 1998 se facía coa primeira praza no cuarto grao. Logo, na tempada seguinte, sube de categoría e pasa ó terceiro grao, onde segue a competir.

Entre o seu haber, a banda participou no encontro de bandas co gallo da toma de posesión do Presidente da Xunta, no



FERREIRO



- Habitaciones con baño
- Comidas de la zona

Telf.: 982 43 30 65 - 982 43 30 23
Seoane do Caurel (Lugo)

O ENTROIDO no Concello de Folgoso do Caurel

**"A máscara non é
aquele que representa
senón aquilo
que transforma,
que escolle
non representar"**

- dicía Lévi-Strauss

"O introitus", ou comezo do ano, tiña lugar o día primeiro de marzo, mais co paso do tempo foi recuando. Dende inmemorial as aldeas da serra do Caurel celebraron o entroido. Noutroora os felos cubrían o rostro con peles de animais ou con caretas feitas de cartón ou papel, mais eran moitas as aldeas do Caurel nas que a xente pintaba a cara coa cinsa da lareira. Durante o entroido estaban presentes varios elementos entre os que destacaban: a auga, a palla, e o lume. - "O vértice cara arriba nun simbolismo do fogo". O triángulo do que fala Cirlot no seu "Diccionario dos símbolos". O fogo como culto reverencial, como ser vivente, motivo polo que deixaban consumir a chama, nun rito de purificación na lembranza do fogo solar. De novo Cirlot lévamos a outro rito iniciático -"O vértice do triángulo cara abaixo do que xorde a identificación da auga". A auga como renacemento e comunicación do saber popular. E a palla, na representación do propio "ser humano".

Os felos ían polos camiños con farchas ou farchóns de palla, material que empregaban para facer o MECO, figura principal do entroido da serra do Caurel. Risco tía na "queima do meco" -"o simbolismo do ciclo cósmico representado no ano, ou ben o ciclo vexetativo". O que fai lembrar ós rituais propios do final do inverno que daban paso á primavera, en semellanza ó "espírito da vexetación", nun acto de identificación coa propia natureza. Os festexos do entroido, recordan as máscaras e disfraces en honor a Saturno, onde ó personaxe central o trataban coma un rei, mais ó final do acto, o rei tiña que

morrer. Cando se cristianizou a festa pagá deu paso á festa de santo Estevó que se celebraba no solsticio de inverno, antes do comezo do novo ciclo. O home de palla, entre auga e fogo cara ó "eterno retorno". Durante o entroido da serra do Caurel, os felos ían tirando auga na compañía do meco ata as aldeas veciñas, as máis illadas, como Seceda tiñan que se conformar con pasealo moneco pola propia aldea. Esta "procesión" ou ritual seguía un itinerario que volvía sempre ó punto de partida. Dende Piñeira levaban o meco ata Seoane, onde o deixaban quedar. Na antiga capital do concello corrían o entroido con auga e palla, sen que faltaran as máscaras vestidas con roupa vella ou con traxes finos e rebuscados, en contraste cos felos que saltaban ó son das "chocas". En Esperante, tiñan o costume de "tapar unha persoa", e queimar "o moneco de palla" no camiño de Pedre. No Carbedo, "cravaban o meco en forma de cruz, xunto á capela", nun acto de claras reminiscencias pagás. Pola contra, os de Mostad contaban con dous mecos: "o moneco Frascón e a moneca Frasca", e non faltaban as figuras das "señoritas" vestidas de branco, imitando á xente da cidade, evocación das "madames e madamitos" de outros pobos da serra. A mascarada ía dende Mostad a Seoane, e por Meiraos seguían cara a Pedra. Mentres os de Millares queimaban o meco na Pinguela, e os de Romeor "tiraban as olas" co fin de que a xente saltara da cama" ó son dos gaiteiros, e



O "Meco" e a "Meca"

● ●
● cenor

BAZAR CAUREL

AUDIO-VIDEO
ELECTRODOMESTICOS

Roberto Baamonde, 52 • Teléfono 982 982 40 31 03

MONFORTE DE LEMOS 27400 (LUGO)

todos ían queima-lo meco preto á capela". Outros eran quen de "andalas velllas", evocación da "dança da velha" rito ancestral de iniciación do período solsticial de inverno, tremebunda tradición de Trás-os-montes, no norte de Portugal, onde varios rapaces cun "Pedaço de cortiça e afiado zerrete, van á porta das velhas"(...) e dão començô a operação da serragem da velha"(...). E entre cantos e ameazas simulaban "serrar a pobre vella". O costume de ir "tralas velllas" o atopamos en Moreda, e aínda que moi desvirtuado en Vilamor, Meiraos e Vidallón, mais daquela foi algo común en toda a serra. Na comparsa de Romeor tamén ían "os señoritos e as señoritas", como as de Mostad, mais o "señorito de Romeor" levaba unha moca, e na punta un farraco con cinsa. Segundo Foxo non faltaban gaiteros e tamborileiros, o cego da zanfona, os maragatos e o "tiseireiro" metendo medo. Destaca a figura do "mochileiro" como o de Ferramulín, e o "xardoeiro" que en Romeor dáballe á xente co acivro, do mesmo xeito que os "xardóns" de Piñeira ou de Vilela mentres os felos de Castro Romeor, baixaban busca-la festa ó castro dos mouros. Doutro lado da serra, ó pé da Rogueira, os de Parada festexaban o entroido con auga, cinsa e fachos de palla, e os seus veciños de Moreda corrian con caldeiros de auga e prendían lume ó moneco de palla, mentres algúns "anda-las velllas". Noutros tempos en Moreda facían caretos de pel de ovella, do mesmo xeito que en Vilela e Meiraos, sen dúbida, as máscaras máis primitivas que se lembran no Caurel. En Vilela daban

golpes cos "xardos" e corrian tralas mozas coas espiñosas ramas de acivro. Da mesma maneira, os felos de Piñeira ían cos "xardóns" tralos nenos. E os felos de Teixeira levaban o meco ata Noceña e deixábano quedar alí. De antigo chegaron



ir co moneco ata Meiraos onde os mozos corrian o entroido con "mocas", paos de mallar remataados cunha "farracuíña de cinsa", e levaban fachos de palla de centeo que trataban de meter entre as pernas das mozas que lucían "toquillas" e "colares de cascas de caracois". Mentres, os de Miraz e Vilasibil, facían lume co "cerrelo", herba

dura á que lle prendían lume para corre-lo entroido pola aldea. Os de Paderne con liño, papeis e tinta ían queima-lo meco cara á devesa ó igual cós de Pedrafita que corrian o entroido dende a pedra coas caras pintadas con cinsa da lareira mentres botaban auga do pozo comunitario. Enfronte, preto da tola, os de Mercurín, pintaban as caras con cinsa e fariña, e dende a capela baixaban ata Ferrería Nova e Vella, onde na ribeira do Lor se mollaban uns a outros. Non faltaron os felos en Sobredo que corrian dende o souto á capela. Os de Seceda, non levan o meco a lugar ningún, mais por iso non deixaban de celebra-lo entroido con grande barullo, utilizando tinta, estopa e auga coa que enchían "os cichóns" ou "tira-balas" de madeira de sabugueiro que perforaban cun barreno de man, co fin de facer buratos que enchían de auga. Tras poñerlles unha rolla ou cichón ó oprimir conseguían que a auga saíra a cachón. Por faltar, en Seceda non faltaba baile ó son do gaitero, e ó final do día, tiña lugar a queima do moneco. Pola súa banda os de Cortes utilizaban fariña mesturada con graxa, como se foran a fritirse uns a outros. A graxa é un elemento inusual que remonta a tempos ancestrais. Pola súa banda, os de Cortes levaban unha "lardeira" de palla vestida con trapos que remataba cun "nabo" semellando unha cabeza. Mentres, os de Ferreirós de Abaixo e Arriba botaban "auga sucia" por riba da xente, e enfariñaban os felos semellando esperpénticos personaxes. Non se salvaba da queima "o meco" de Folgoso,

PANADERIA- SUPERMERCADO

ALEJANDRO

FOLGOSO do CAUREL (Lugo)

Tfno. 982 43 30 87

salvaba da queima "o meco" de Folgoso, actual capital do Concello, mentres os felos corrían o entroido con fachos, cinsa e auga e as máscaras da Ponte, Valdomir, A Pendella e Touzón, mesturaban auga do Lor con cinsa e estoupa, e deste xeito ían ata Vilamor. En Eiriz destacou o número tres, xa que tres eran os personaxes que participaban na parodia: un home, unha muller e un "felo", o trio daba pé a unha comedia ou representación teatral, ó modo dos "entremeses" do teatro popular. Non faltaban os cantos satíricos alusivos ó entroido como sucedía en Vilamor que antigamente contou cun sonado entroido, no que se utilizaban varios elementos: cinsa, auga, tinta, liño, terra e neve, cando a había. Uns ían de felos cos "fachóns", mentres outros representaban relevantes personaxes. Destacou a figura do "Breco", que simulaba un "xogador de cartas" que tiña por costume xogar polas aldeas da serra. As parodias de Vilamor facíanse nas casas do "Repo" e dos "Gaiteiros", e entre os personaxes estaban as luxosas "señoritas" de mantóns de manila. Pero os reis do entroido de Vilamor eran "o touro e o cabalo" que tiñan o costume de saír pola noite. Para o cabalo facían falta tres homes: un ía na cabeza, outro levaba o xinete, e outro daba couces. De antigo, o touro, o levaban dous homes, un ía cos cornos e outro co resto. -Cando entraba "O sr Sevilla" cun toxo na man e un "roupón" na outra, (unha manta de tear de liño e tiras), a xente xa sabía que detrás ía "o cabalo". Os "farrumecos" de Vilamor levábanos a Froxán, onde os vellos tiñaban para que

non os meteran dentro das casas. - "Mángalle o farrumeco no cimo da escaleira, mángalle o farrumeco"(...) "e..., cando non os vían mángábanlle o moneco". Os de Froxán como réplica disfrazaban unha burra" e coa mesma ían levar o meco a Castro Portela onde o deixaban quedar. Nalgunhas ocasións foron co "meco" ata Vilar e Carballal onde festexaban o entroido con liño, palla e tinta, igual cós do Mazo de Santigoso que se mollaban uns a outros coa auga dos muíños, mentres soaba o "corno" para que foran a capela das cabanas. Os felos da Campa, enfariñaban e mollaban á xente coa auga do carrozo e nunha ocasión mollaron ó señor cura, e o tal conto chegou ata Vidallón que corrían o entroido coas caras pintadas con "carbucos". A parte da auga queimaban a estopa e os "finchos", musgo seco do mofo que se atopaba xunto as uces que poñían a secar co fin de que prendese lume como as estopas; Uns felos levaban os mecos e outros ían "corre-las velllas". Mais logo, ó son da gaita do "Sopas" armábase a festa. En tempos os de Vidallón ían a Vilar, e con fachos prendidos ían polo soute na compañía do "meco" ata a capela que está xunto ó castro, dende onde baixaban polo sendeiro ata Froxán. Baixo o Pía Paxaro, en Santa Enfemia a propia xente era quen de facer ás veces de mecos, e ían polas casas cos gaiteiros facendo ruído coas latas para que lles deran viño. Na outra vertente da serra, mais aló do Conto, os de Campelo, baixaban disfrazados polo camiño que vai dar a Millares. Mentres os de Visuña con caretas de cartón pintadas, ían en comparsa polos diversos barrios

pedindo ovos e chourizos para facer unha merenda. Os de Hórreos "cubertos de barro" asustaban ós de Ferramulín que, estaban xunto á ponte coas caras pintadas de cinsa dos fornos na espera do "mochileiro", figura semellante á de Romeor que pedía comida pola casa para facer unha merendada.

¡ Grandes festas as do entroido da serra do Caurell, grandes e sonadas festas, nas que non faltaron manxares coma cachucha de porco e os chourizos, os freixós, as filloas, e o queixo de farruca con mel. Cada quen daba o que podía e os que tiñan máis gardaban un bocado para os que tiñan menos. Ninguén pasaba fame os días de entroido.

Mais pouco queda das velllas tradicións que non sexa a celebración da comida, o resto quedou no baúl das lembranzas. Nestes tempos tan só se disfrazan os rapaces de Folgoso e Seoane, e algún que outro neno das aldeas da serra. O entroido, foi sen dúbida unha grande e comunitaria festa do pobo que a xente do Caurel ten intención de recuperar. Correntia de auga non ha faltar, nin cinsa, nin tampouco palla coa que alumar os camiños para acompañalo. Meco coma antano fixeron os devanceiros. Xorde o entroido, como río de emocións e sentimentos coa intención de que volva formar parte do antigo ritual que ameaza con perderse. Polo que paga a pena intentar recuperalo.

Mercedes Vázquez Saavedra.
Mes do entroido. Febreiro de 2001.

MORENO


No antigo obradoiro do pintor **Avari. MORENO** invita a viño doce a tódolos amantes do CAUREL, non fai falla máis que acreditálo

ARMANI-MOSCHINO-CALVIN KLEN-DKNY, e moitas marcas máis.

Moreno. • C/Marqués de Ugena, 40 **Sarria** (Lugo) • Tfno.: 982 530 791

COUSAS QUE ACONTECERON

II FESTA DA PISA EN FROXAN



O pasado 9 de Decembro celebrouse a 2ª Edición da Festa da Pisa e degustación de castañas secas. Non impediu o mal tempo que fixo naquelas datas para que a xente se acercara por esta aldea do Caurel a ver e participar na labor da pisa da castaña. Baixo dúas carpas que a organización montou, xuntouse un bo número de persoas para degustar platos, tan desta terra, como: castañas cocidas con chicho, castañas con leite, postres feitos a base de castaña e empanadas de acelgas. Animou a velada coa súa música a Banda de Gaitas do Caurel, moi aplaudida polo público alí presente.

Tamén se presentou ese día o 2º Número desta Revista ACANDEA.

Ante a boa acollida que esta festa está a ter, os membros da Asociación "Fonte do Milagro" están a traballar para que teña continuidade.

BAILE ENRIBA DOS TOXOS EN VILAMOR

Coincidindo coas datas do San Vicente, Patrón de Vilamor, e organizado polos veciños desta aldea, celebrouse un baile enriba dos toxos. Os organizadores conseguiron xuntar un bo número de toxos para extendelos na praza do lugar e alí, ó son da música de Banda de Gaitas do Caurel, a xente atabiada con galochos (calzado de madeira e coiro) bailara e así ir pisando neles. Según a organización esto faise para lembrar como se facía, hai moitos anos por esta data, xa que case sempre estaba nevando e había que bailar nas cortes dos animais que, normalmente, estaban estradas desta planta. Os organizadores deste festexo prepararon unha comida para tódolos alí presentes. E para rematar, percorreuse o pobo en alborada donde os veciños ofrecían doces, viño e licores a tódolos que acompañaban a comitiva bailando ó ritmo das gaitas e tambores.



O CAUREL ESTIVO PRESENTE NO FESTIVAL DE CANTARES DE CEGO EN CELANOVA (OURENSE)


O pasado 24 de febreiro celebrouse na bonita localidade de Celenova en Ourense un festival de "cantares de cego". Nunha fría noite e coincidindo coas datas do carnaval, a praza desta vila encheuse de xente para escoitar os cantares que antano se oían a miúdo, hoxe so no recordo dalgúns. A transformación feita polos artistas ben parecía, segun os alí presentes, a realidade daqueles cantores que, acompañados dun guía, percorría as Vilas interpretando as coplas que eles mesmo compoñían baseándose, case sempre, en acontecementos reais. Un dos participantes,

interpretando unha bonita copla: "Romance de Josefina de Manolo de Castelo", foi Pichel de Vilamor e estivo acompañado á gaita por un mestre de luxo como Xosé Lois Foxo que fixo soar de xeito maxistral unha gaita que según el lle regalaron e fora construída a finais do século XIX ou principios do XX. Na foto podemos velos atabiados con vestimentas acordes co evento. Os artistas do Caurel foron moi aplaudidos pola moita xente alí presente.

RESTAURANTE-HOSPEDAXE



NOVO



HABITACIONS E COMIDAS CASEIRAS

FOLGOSO DO CAUREL(LUGO)

TFNO 982 433 007

CASA DE COMIDAS ANDURIÑA

COMIDA TIPICA DA ZONA - POSTRES CASEIROS

SAN XOAN -SEOANE, O CAUREL

TFNO. 982 43 30 66

LUGARES CON ENCANTO

Está o Caurel cheo de recunchos de gran beleza; a cada sitio que miremos os ollos énchense de natureza. A man de Deus quixo que nesta serra a paisaxe fose capricho, tamén a man do home fixo, e está a facer, cousas para que ese capricho perdure. Hoxe nesta sección imos dar a coñecer un pouco un deses lugares. Sitio onde home e natureza xuntáronse para crear deses lugares onde un cada vez que se achega observa como aínda é posible que as dúas partes vivan en harmonía, que se axuden mutuamente.

Estamos a falar de Ferreirós dabaixo e do Bar "O PONTÓN". Fai poucas datas, un fillo da emigración, coma moitos do Caurel, decidiu deixa-las grandes cidades, a présa e a fatiga que conleva vivir nelas, e voltar á terra que tantas satisfaccións lle dera de neno. Nesta volta decidiu montar un negocio para ir tirando como dicimos os galegos. O que si tivo claro é que o feito de montar aquí un negocio, e máis sendo da hostaleira, non podía ferir a obra da nai natureza. Con todo o respecto do mundo e pensando moito os problemas que podía supor para o entorno o montar o bar, decidiu que o mellor era aporveita-lo o que a natureza deixaba e que moitos só utilizarían para facer lume. A súa imaxinación chegou máis lonxe e coa axuda dalgún familiar comezou a aporbeitar estes recursos, castiñeiros secos, pólas

arrancadas dos castiñeiros e carballos polos fortes ventos, apeiros de labranza esquecidos na paleira case comidos dos vermes e que ían acabar nunha fogueira, etc. con todo isto construíu, case que na totalidade, o conxunto do chiringuito como o chamamos moitos: mesas, cadeiras, lámparas, e todo o mobiliario que hai nel saíu do entorno... e no entorno segue a face-lo seu servizo. Sentarse nunha cadeira que pouco,

para uso e disfrute da moita xente que por aquí se achega.

Coa amabilidade e bo coñecemento da zona ofrécense a informar e enseñalos sendeiros que eles van limpando para que os amantes do sendeirismo poidan disfrutar deles.

Ademais das clásicas bebidas, pódense degustar licores da zona. Exquisitas son as carnes que preparan á brasa ou pratos con produtos do Caurel pero é conveniente que chames en tempo para asegurarte que terás sitio ou non esperes moito.

Aínda que está pretoño da estrada QUIROGA-SEOANE no Quilómetro 28 é fácil pasar e non velo, o coidado entorno e harmonía coa Natureza fan que si non nos fixamos ben, resulte complicado distinguilo. Na estrada podemos ver un indicador do máis orixinal que nos guía.

Temos moito que contar del, pero vai ser mellor que te achegues e así gozaralo, Manolo atenderate amablemente. E lembra!... Se desexas degusta-los ricos pratos que prepara chama antes ó teléfono 982- 165 218. Se pasas polo Caurel esta é unha visita obrigada.

M.V.E



O Ponton

ou mellor dito, non asemella nada as que estamos acostumados a ver, degustar unha cervexa ou simplemente ollar as augas cristalinas do río Ferreirós fainos sentir a paz que todo home desexa.

O negocio esta pechado nos meses de inverno, cando o clima ou o tempo non permite disfrutar del, namentras Manolo e Orlando e algún familiar traballan para que, chegada a primaveira, este listo



**Unha area recreativa en plena natureza
do Caurel**

Carnes a brasa e produtos da zona

Café-Bar

O PONTÓN

Ferreirós dábaixo Caurel

Tel: 982 16 52 18

oponton@hotmail.com

LU-651 (KM 28) Entre Folgoso e Seoane

P A F S T D O R A R Q U E P A
 S M O N T E C I D O S A L A V
 I D U A N H O M O M O G O X E
 N T C E S E O L P E I Ñ A P A
 S T I O R S A Q U O E F I A S
 E C Ñ A N A T A S R R C A R O
 C A O A I D L L A R G T A P A
 C A S T R O D A T O R R E S T
 O R A Q U R E C A N T A S L E
 F I A S M E L A B R A N C V A
 C A M E P I C O D O B R I O R
 I N A P A S R T O R A L Q U E
 F I A S E C A A N T A S A T A
 R D I Ñ A B A I Z R X A P A S
 T O R A Q U E C A N T A S E F

Busca nesta sopa o nome de dez castros localizados no Concello de Caurel. Coas letras que sobran pódese ler un anaco dunha poesía de Uxio Novoneyra.

2	X		+		=11
+		+		+	
	-		X		=6
+		+		+	
	X		-		=5
=8		=7		=8	

Cubre con números os espazos brancos de maneira que tódalas operacións sexan correctas

ADIVIÑA:

Un convento ben pechado,
Sen campás e sen torres
Moitas monxas dentro
Preparan doces de flores.

Sodes de cor chocolate
Ablandades coa calor
Si vos meten no forno
Estoupades con gran furor.

PENSAMENTOS:

A felicidade componse de evitar desgustos.

A forza de ir todo mal, comeza a ir todo ben.

REFRANEIRO:

O can vello, cando ladra, da consello.

Cabalo de regalo, teno por bo aínda que sexa malo.

Marzo enganador un día malo e outro peor.

Corpo descansado, diñeiro vale

Favorecer a un ingrato, é como darlle a gardar unha morcilla a un gato.



CONCURSO FOTOGRÁFICO "OBXETIVO - O CAUREL"

A Asociación Socio - Cultural "FONTE do MILAGRO" convoca un certame fotográfico dirixido, máis ben, a afeccionados e como tema principal O CAUREL NA SÚA NATUREZA. Poden participar neste concurso tódalas persoas que o desexen. As fotos terán relación directa co Caurel: Paisaxes, xentes, etc. Cada autor pode presentar un máximo de tres fotografías, podendo ser en branco e negro ou color. Deben de presentarse nun tamaño mínimo de 18x24 cm. e máximo de 27x30 cm. No reverso o autor escribirá título e datos para poñerse en contacto, se fora preciso. Enviaranse a Asociación Socio-Cultural "FONTE do MILAGRO" Froxán, 4. 27325 Folgoso do Caurel LUGO. A data tope de recepción será o 30 de Xuño de 2001. Os traballos expoñeranse alternativamente en varios locais deste Concello ata o 31 de Agosto de 2001. Un xurado determinará cal é o traballo que leve o primeiro premio, que consiste nunha fin de semana en réxime de pensión completa para dúas persoas nuha **CASA RURAL** do Caurel. As fotos recibidas e expostas pasarán o arquivo da Asociación, podendo estas ser utilizadas para a súa publicación ou posteriores exposicións.

RECUNCHO PARA A POESÍA

Adicamos esta sección a recoller poemas dos artistas desta serra

Se me queres como dis.....

Se me queres como dis
fálame na miña lingua
soio así podrei sentir
o amor con máis puereza.

Fálame na miña lingua
se queres verme feliz
así esqueceré esta pena
que non me deixa vivir.
Pois bastante xa é a que teño
para que me fales na miña lingua

De todas ás maneiras te quero
agarímo do mei corazón,
pero si me falas na miña lingua
entenderémonos mellor.

Dime amor canto me queres,
pero dímo na miña lingua
dime que os teus queres
nunca os tapará a terra.

Desexo que me digas cariño
canto é ise amor que me tes
dímo por favor baixiño
repetíndome o que eu xa sei.
Dímo baixiño na fonte,
na corredeira ou no prado,
dime, si os biquiños de onte
non che chegaron como regalo...!

Xesús Galán
Barcelona, 1970

De Visuña, ó Couto.

Se a neve apura,
do Couto ó Souto
en dereitura.

Ou por Lago, ós Chaos de Outeiro
por en de fronte do Fedo,
por debaixo de Campelo,
polo Real do Carbedo
de cara ó torrepelo,
cara ó castelo rocheiro
no que inda está Dona Ildara
posta na fiestra pera tara
vendo o camiño e o Lor,
anque sen ver que se move,
oindo o amplo rumor
que do val ata ela sobe
e agardando ó seu señor.

O mesmo que, ó outro lado,
pola banda da Seara,
nun covallo, ansciosa,
agarda Dona Bríosa.
Ambas agardan por el
entre aldeas - lenes fumes,
a cor do ucedo nos cumes-
cal se agarda no Courel

Uxío Novomeyra
Do libro de rotas/Ameto Mítico



CONCELLO
DE
FOLGOSO DO CAUREL



CAIXA RURAL
DE LUGO

Oficina Folgoso do Caurel